

# C.P. BELUSO

# FIADEIRO





NADAL 1991





# FELICES FESTAS



O Claustro de Profesores, aproveitamos estas páxinas do noso Periódico " O FIADEIRO " para desexárlleles unhas BOAS FESTAS DO NADAL E UN ANINOVO MOI FELIZ.

Tamén este é un bo momento, para lles ofrecer a nosa colaboración, na tarefa da Educación dos seus fillos, e logo permitímonos pedirlles a súa axuda, para acada-los obxectivos que temos pensado para eles.

Rogásmoslle tamén comparti-las inquedanzas polos seus fillos.

As portas do Colexio están sempre abertas para recoller ós pais dos nosos alumnos, que son a parte máis importante nas súas casas, e por suposto neste Colexio, onde pasan unha grande parte da súa vida.

Un saúdo



# Vamos a Belén

O día de Navidad, no que naceu o neno Xesús, o curso de 6º B vamos a Belén. Ese día era moi especial, íamos a velo neno. Saimos de aquí cada un co seu regaliño e cantando panxoliñas, cada vez que as cantabamos todo parecia máxico, porque nos desplazabamos máis rápido e nun intre apareciamos en Israel. Toda a xente nos preguntaba a onde íamos e nos respondíamoslle que iamos ver ó neno Deus. E toda esa xente viña connosco, cos seus regaliños e cos seus rebaños de ovellas.

Como pastorciños seguiamos andando a procura de Belén.

Alá no ceo divisábase unha branca estrela que se dirixia hacia un pobeliño pequeno. Seguímola e detrás nosa, viñan os Reis Magos de Oriente montados en camelos todos eles maxestuosos. Tamen viñan para Belen e xuntos seguimos o noso camiño. Xa alí preguntamos polo Redentor e os pastorciños dirixíronnos.

E así foi chegamos ó portal de Belén e vimos ó neno: era loiro con ollos azuis e estaba deitado nas pallas. Todos nos, os Reis e os pastorciños, demoslle o regaliño e volvemos a casa.

Pablo García Fernadas 6º B

"C O N T O"

O Q U E I N V E N T O U A F O L G A N Z A

Aposto que non coñecestes a Pepe da Chepa.

Eu tampouco, pero segundo contan foi o que inventou a folganza. E dín que dixo por primeira vez "O traballo é para os bois". Iso dino os vellos, pois poi eu non lle vín os fuciños na miña vida.

Pepe fixo sempre moitos esforzos, por levar adiante o seu invento, que ó fín e ó cabo é invento de todos. A Pepe si lle desabotoaban os pantalóns, andaba todo o día coeles nas mans por non abotoalos.

Un día o noso home colleu unha carabina para se matar, e cando ía facelo, lembrouse que si non o facía do primeiro tiro, ainda tiña que se pegar outro. Entón dixo: - ¿Quen eu ?¿Volver a carga-la carabina outra vez? Nom home non. Prefiero aprodecer como unha sobreira.

O cargo de manter a Pepe era dos veciños. Pero...un ano que se perdeu a colleita, xuntáronse todos e acordaron non lle dar nin sequera unha codia de pan. Dixéronlle: - Ben Pepe, tes que buscar vida, pois xa sabes que se perdeu a seitura, e non hai cartos antre a xente...

Dixo Pepe. -Eu non tiven a culpa de que se perdes, ademáis ¿quen sodes vos para acordar nada sen o meu voto?

- Nós non temos que ver, vimos a cho dicir para que busques vida por aí.

- Eu nom busco nada. Eime deixar morrer de fame.

- Pois morrerás.

- E morro. Quero que todo mundo saiba como é a xente deste pobo. E para non levar traballo a morrer, a ver se a parroquia acorda de me paga-lo enterro e déixome enterrar en vida...

- Pois moi ben pagamos nos todo. ¿E cando queres que se faga?

- Por min hoxe mesmo xa pode ser.

- Ben, pois pois non saias de casa a lonxe, que imos a tratalo, e ó mellor fasnos falla. Non faltou ninguén ó enterro, pois era cousa nunca vista. A xente levaba nenos pequenos de dous e tres anos, para que algún día se lembrasen daquel acontecemento. Un castelán moi riquísimo, que vendo aquelo pasmouse, mandou para-lo enterro e chamando por Pepe díxolle:

-Vamos a ver hombre ¿a tí te llegan 4 ferrados de maiz para pasar el año? si te llegan salta fuera del cajón y vente conmigo.

Pepe mirou para o castellano e preguntoulle:¿E o millo ¿xa está moido?

- Molido aún no -contestoulle o castelán- está en el horreo.

Entón Pepe colocouse outra vez na caixa, e pondo as mans enriba do peito, púxose o máis serio que puido, e logo dixo:

-Vamos para adiante. Siga o enterro, que cada un ten que ir a súa vida.

8º A e 8º B


2º B

# CONFERENCIA PARA LA PAZ EN ORIENTE MEDIO

La Conferencia para la Paz en Oriente Medio que se acaba de celebrar en Madrid ha abierto una puerta a la esperanza. Pese a las tensiones que se crearon en algún momento entre las delegaciones de Israel, Egipto, Jordania, Siria, Líbano y Palestiba, el acuerdo final de proseguir las conversaciones bilaterales es todo un éxito diplomático. Así lo han reconocido la mayoría de las delegaciones que participaron en las conversaciones.

Hay varios protagonistas en la Conferencia de Madrid. En primer lugar los convocantes, los presidentes de la Unión Soviética y Estados Unidos de América, que dieron el pistoletazo de salida y siguieron luego, desde casa, la evolución de las conversaciones. Y también el anfitrión, el presidente Felipe González. Y, por supuesto, los protagonistas: las delegaciones palestinas e israelí, sentados, por vez primera, a una misma mesa.

La elección de Madrid como sede de la Conferencia de Paz fue debida a las buenas relaciones que España, históricamente, ha mantenido con árabes y judíos. La OLP tiene en España una representación oficial reconocida por el Gobierno, e Israel agradeció así la ayuda española en el reciente conflicto del Golfo pérsico. También la diplomacia del Ministro de Asuntos Exteriores, Francisco Fernández Ordóñez, puede considerarse decisiva.

La Conferencia de Paz de Madrid dio comienzo el 30 de Octubre y se dio por finalizada el lunes, 4 de Noviembre. Pero el proceso de paz no ha hecho m´as que comenzar en el tiempo. Nadie se arriesga a fijar una fecha en la podría llegarse a una solución definitiva de los conflictos planteados. Ni siquiera los delegados palestinos e israelíes conocían con certeza dónde van a seguir viéndose y hablando durante las próximas semanas.



Las Resoluciones de las Naciones Unidas 242 y 338 insisten en la necesidad de trabajar por la paz justa y duradera en el Oriente Medio, y exigen de Israel la retirada de las fuerzas armadas de los territorios que ocuparon en 1967 y el respeto y el reconocimiento de la soberanía, integridad territorial e independencia de todos los estados de la zona y de su derecho a vivir en paz.



MAPA ACTUALIZADO DE ISRAEL

El plan de la ONU de 1947 repartió Palestina en dos estados separados: uno judío y otro árabe. El estado judío ocupaba el 56% del territorio. En 1948 los árabes rechazaron el plan de partición y declararon la guerra a Israel: como resultado el estado israelí pasó a ocupar el 75% de toda Palestina. Después de la Guerra de los Seis Días, Israel se anexiona el este de Jerusalén, y ocupa los territorios de Gaza, Cisjordania, Altos del Golán y la Península del Sinaí, que devolverá a Egipto tras los acuerdos de Camp David. Desde 1981 se anexiona los Altos del Golán y controla Cisjordania y la franja de Gaza.




Argimiro
Adrián
Pérez
Serrano 7º B

# A VENDIMA

A vendima empeza no mes de Setembro e remata en Outubro.

Meu pai escolle as mellores uvas dos camións que merca para face-lo viño.

Nós, na nosa casa, temos un depósito que tódolos anos enchemos de uvas, tanto branca, tinta, tintilla, catalana, etc. Despois deixámolo fermentar durante sete días ou oito. Logo sácase do depósito, prénsase e extráese todo o viño e métese despois en cubas.

Máis tarde o bagazo pasa ós barrís e despois con el facémo-la caña de herbas, branca.....

JULIA 7ºB



O cultivo da vide en Galicia concéntrase nos vales dos ríos prinpipalmente.

Os procesos para a elaboración do viño son os seguintes:

1º) Recóllense as uvas.

2º) Aplástanse nun barril para que fervan.

3º) Mentres comeza a ferver, vanse esmagando as uvas cun pau con brazos polo lado.

4º) Ó ferver, sácase o líquido, xa sen uvas, para un barril baldeiro; ese líquido chámase <u>viño</u>. O resto, que é o bagazo, métese no lagar e alí aplástanno para que saia o viño que queda. Co resto do bagazo pódese facer caña.

5º) ~~Co resto~~ Cando está todo o viño no barril, espérase uns días ata que chegue a lúa de embotellar.

ELOY 7º A



## VALOR TERAPEUTICO DE LA MIEL

Los constituyentes minerales de la miel le confieren innegables propiedades medicinales.

Ya los antiguos conocían estas propiedades, y sin lugar a dudas estos pequeños insectos, las abejas, nos proporcionan muchos beneficios, con todo el abanico de productos que nos dan; todos ellos exquisitos manjares.

Pero centrémonos en la miel y digamos algunas propiedades sobre ella.

a) Administrada por via bucal, la miel cura o mitiga los transtornos intestinales, las úlceras de estómago, el insomnio, los males de garganta, ciertas afecciones cardíacas, etc... Aumenta el contenido en hemoglobina de la sangre y el vigor muscular. La miel facilita la retención del calcio; activa la osificación y la salida de los dientes; es ligeramente laxánte.

Los niños alimentados con miel están claramente más desarrollados que los alimentados con azucar. Un adulto puede ingerir sin peligro 500 g. de miel al día. En el caso de algunas personas sensibles, la miel puede producir urticaria.

b) En uso externo, cura las quemaduras, las heridas y las afecciones rinofaríngeas, gracias a una inhibina que le comunica propiedades bactericidas.

c)En inyección intravenosa, la miel preparada especialmente combate la ictericia, los desarreglos de eliminación de orina y los pruritos. Regulariza el ritmo cardíaco.

Resumiendo podemos decir que la miel es un alimento natural. Un alimento natural porque es recogido en la naturaleza, poco transformado, y porque satisface las necesidades energéticas de nuestro organismo gracias a los azúcares que contiene.

Con buen estado de salud, la miel mejora el rendimiento físico así como la resistencia a la fatiga física e intelectual.

EL TEACHER

(Art. Apicultura: P. JEAN-PROST

# La Constitución Española

16 de Diciembre



## Los padres de la Constitución española de 1978

La ley más importante es la Constitución. La Constitución dice cuáles son los derechos y las obligaciones de todos los españoles.

El 22 de septiembre de 1977 se reunió por primera vez la comisión encargada de redactar la nueva Constitución. Dicha comisión estaba formada por siete expertos que pertenecían a distintas fuerzas políticas:

Gabriel Cisneros Laborda
Manuel Fraga Yribarne
Miguel Herrero Rodriguez de Miñón
José Pedro Pérez-Llorca
Gregorio Peces-Barba
Miguel Roca Junyent
Jordi Solé Tura

Esta comisión trabajó en absoluto secreto durante dos meses hasta que elaboró un texto que que después fue discutido en las Cortes, donde se perfeccionó. El 21 de Julio de 1978, el Congreso de los Diputados aprobó el texto de la Constitución.

Después fue discutido en el Senado, donde también sufrió algunas enmiendas.

Finalmente, el 31 de octubre, ambas cámaras en sesión conjunta, aprobaron el texto definitivo.

7º B

## ESCRITOR

Ilustre novelista y poeta español, cuyo verdadero nombre era Ramón del Valle y Peña. Nació en Villanueva de Arosa, Galicia, en 1866 y falleció en Santiago de Compostela en 1936. Perteneció a la generación del '98, que dió a España notables pensadores y escritores. En 1895 publicó su primera obra: "Femeninas"; después se trasladó a Madrid. Cultivó con maestría los diversos géneros literarios. Como narrador se destacan sus "Sonatas" (de primavera, de otoño, etc), "Tirano Banderas", "El ruedo Ibérico", "Divinas palabras", etc. Es el creador del "esperpento" que él mismo definió como una deformación de la realidad, tal como ciertos espejos deforman las figuras.



-Ramón del Valle-Inclán-

## Celebramos el 125 aniversario de su nacimiento

Sara 7º B

## O QUE EU PENSO SOBOR DOS ACCIDENTES QUE ESTÁN A PASAR NO MAR

Tres accidentes en só oito días, creo que xa é unha cifra important e considerable. Perose a esta engadímoslle que nos últimos dez anos morreron cento nove mariñeiros e en so dez meses do 1.991, xa levamos setenta, contando os trinta mortos destes tres accidentes, isto xa é o colmo das desgracias.

Estas cifras por lóxica, indican cos accidentes, en vez de minguar coas medidas de seguridade e a modernización dos barcos, xa que agora levan aparatos más capaces para captar o perigro, aumentan.

¿Cal é a causa ou as causas de tantos e tantos accidentes?

Quizais o pouco medo que lle teñen ou lle fan ter os mariñeiros ó mar, quizais un descuido, quizais o que dín os maiores: ¡Era o seu sino! ¡Cando chama Deus....! ninguen lle pode poñer a man diante...Pero ademais se aprenderan uns dos outros, evitaríanse moitos problemas. Pero non, hai un accidente e ó día seguinte calquera outro barco, arríscase a que lle pase o mismo.

A consecuencia destes accidentes unhas familias quedan desfeitas. Fillos que non teñen pais, e nais que non teñen fillos, mulleres que quedan viuvas ó pouco de casar e algún que outro que deixa a muller en estado. E agora falando de casos concretos:

OS TONECHOS. Este barco de Malpica, quizais do que se saben menos as causasque provocaron o afundimento e tampouco do seu paradeiro. So se miran ós familiares esperando a beira do mar.

O XANA. Este barco de Muxía, xa sepodía dicir que por arriscarse moito, porque donde apareceu a ponte, non era normal que se afundise.

FRANK C. Afundido no mar Irlandés, só se salvou un.

Oscar García Bastón 8º A

## ¿QUE PENSO DAS DESGRACIAS QUE ESTÁN A PASAR NO MAR?

A esta interrogante non se pode respostar con certeza, xa que nin os propios tripulantes dos barcos desgraciados o poden explicar. Algúns destes accidentes débense a causas moi diversas tales como, vías de auga, as malas condicións nas que se atopan os devanditos barcos(xa que moitos deles están abanderados en paises extranxeiros e non cumpren os requisitos de salvamento e seguridade que esixe a Comunidade Europea (C.E.E.). Os casos mais frecuentes son os do mal tempo, que acontece mentres o barco atópase na mar. Deste último caso temos varios exemplos acontecidos na costa estes pasados días, no que un dos barcos, esnafrouse cos penedos da COSTA DA MORTE, e perderon a vida varios mariñeiros.

Fai uns días, tamén naufragou un barco no Gran Sol, con mariñeiros desta comarca. Algúns destes barcos non deberían de estar navegando,porque son moi vellos.

María Millán Estévez 8º B

A EXCURSIÓN DE "NOVOS VENTOS"

Este ano tamén saíron de viaxe os compañeiros do grupo " Novos Ventos no mes de setembro.

Visitaron a cidade de León, as cobas de Valporquero, na mesma provincia; logo pasando polo porto de Pajares chegaron a Asturias onde precorreron Covadonga, co seu santuario á Virxe; tamén estiveron en Oviedo, Luarca, regresando por Lugo ata Beluso.

Foron o Grupo de Coro, Gaita e baile, acompañados dos profesores: Dª Consuelo, D. Pedro e D. Xosé Feijoo.

Trouxeron un gran recordo do que viron e disfrutaron, seguro que endexamais o esquencerán.

Polo de agora, o Coro segue a ter actuacións, así que fai poucos días participaron no Certamen de Villancicos e Panxoliñas de Caixa Vigo, np seu Centro Cultural, e o día 21 cantarán na vila de Baiona.

Dexesámoslle a estes rapaces moitos éxitos e Boas Festas.

CABALGATA DE REIS

O día 5 de xaneiro volverase a facer coma tódolos anos a Cabalgata de Reis, que sairá do Colexio as 5 ½ da tarde.

Na Igrexa haberá un Concierto de Villancicos e Panxoliñas no que actuarán o Coro Infantil "Novos Ventos", Coral Polifónica de Beluso e outras Corais invitadas, como ven sendo tradicional.

Esperamos acuda moita xente.

# LA SUDAFRICANA NADINE GORDIMER gana el Nóbel de Literatura 1.991

La escritora sudafricana Nadine Gordimer, de 68 años de edad galardonada con el premio Nóbel de Literatura 1.991, es la primera mujer en 25 años que lo recibe.

La Academia sueca justificó este galardón por las "magníficas obras épicas de Gordimer con las que rindió notables servicios a la humanidad".

Nadine Gordimaer, hija de madre inglesa y padre lituano, "escribe con intensa proximidad sobre las relaciones personales y sociales".

Al tiempo que "se siente involucradra políticamente, y actúa de acuerdo con ello, Gordimer no permite que su compromiso influya en su obra".

La Academia que mencinó la novela "un huésped de honor" escrita en 1.970, como un hito en su carrera.

## Último libro

El último libro de Gordimer " My Son"

# Nadine y el "Appartheid"

La concesión del Premio Nóbel a Nadine Gordimer ha supuesto el reconocimiento universal a sus muchos años de lucha por los derechos de la población negra sudafricana.

Severo Rodríguez Somoza



# O REFRANEIRO EN TERCEIRO

- O primeiro de abril, van os burros a onde non deben ir
- Ata o 40 de maio, non quites o saio
- O home e o oso, canto máis feo máis fermoso.
- O que se senta na pedra, non conta ben dela.
- Raposo que moito dorme, galiña gorda non come.
- En San Xoán, as nove con día dan.
- O verán de San Martiño, son tres días máis un pouquiño.
- O que non ten mañas, non come castañas.
- Mellor que da mazá falar, é dala a probar.
- Se maio chora, auga criadora.
- Cando a Candelaria chora, mitade do inverno vai fora.
- ¿ Nordés escuro...? Vendaval seguro.
- Fillos criados, traballos dobrados.
- En San Amaro, trompos ó faiado
- Ceo escamento, chuvias ou vento.
- Setembro: ou seca as fontes, ou leva as pontes.
- O que quita e non pon, loga chega ó fondón.
- O que come e canta, xuício lle falta.
- Quen moita abarca, pouca apreta.
- Cría corvos, e sacaránche os olloa.
- Casa con dúas portas, mala é de gardar.
- Fai ben, e non mires a quen.
- Confórmate cun anaco, que a cobiza rompe o saco.
- Desconfía, e atinarás.
- Can ladrador, pouca traballador.
- A vaca que non come xunto cos bois, ou come antes ou come despois.
- Cando o perigro vexas chegar, non te sentes a esperar. Corre para un lado e para outro, que o que importa é escapar.

## D E P O R T E S

O Equipo "OS CLAUDINOS " de 8º B, din que van a gañar a Liga, pero aínda teñen que se enfrentar co equipo dos " MANOLOS " de 8º A.

No Colexio hai equipos de Baloncesto, de Balonman e de Ping-pong.

Os xogadores de Baloncesto de Beluso irán a xogar o seu primeiro partido contra os de Cangas. Aínda que o entrenador di que son mói poderosos e hai que entrenarse a fondo, os xogadores din que o partido vanno a gañar.

As rapazas de Balonmánxa xogarón contra o equipo de Bueu, e gañaron por gran diferencia.

Os rapaces que xogan a Ping-pong xa se están preparando para o Campeonato.

Os profesores de Artes Marciais xa están entrenando ós súos alumnos para ir ós Campeonatos.

A Profesora de Xinasia Rítmica tamén está a preparar ás rapazas para facer unha demostración no Colexio.

Alumnos de 8º B.

---

## C H I S T E S 4º B.

- Pero Toño, ¿Por que tódolos días andas medio borracho?
- Pois porque sempre quedo sen cartos para emborracharme de todo.

Roberto

- Riiiiing!!!
-¿Aí lavan a roupa?
- Non.
- ¡Pois que porcos!

Tania

Nun manicómio:

- Pepe¿ Por que non nos casamos?
-Veña,muller, ti estás loca.
-¿ E ti? ¿ Pensas que estás de vacacións?

Magali

- Riiing ......
- ¿Está Conchita?

- ¿Ten zapatos do 35?
-Non de antes da guerra non teño ningún.

Alejandra.

- Pero ¿Outra vez aquí? non lle dixen que non quería velo máis?
- Si señor Xuiz, pero é que os gardas cando me detiveron non me fixeron caso.

Laura

- ¿ Gústanlle os toros?
- Si moito
- Pois vostede ten os mesmos gustos cas vacas.

Mirian

-Mamá! ¡Mamá! hoxe a vaca pareu unha cabuxa.
- Pois que para un carneiro:

Lucía



FELIZ

ANO